

OS INICIOS DO LAICISMO ESCOLAR EN FERROL E A CORUÑA (1887-1906)

Ana Romero Masiá

O tema do laicismo escolar en Galicia, a pesar de ter sido tratado en diferentes publicacións sobre a historia da educación ou en relación coa masonería, segue a presentar multitude de interrogantes de difícil resposta. Hai que ter en conta que se trata dun tema do que se posúen datos escasos, moi diseminados e parciais, cando non contradictorios. As fontes documentais que deberían proporcionarnos a información sobre as escolas laicas, como memorias de actividades, expedientes do alumnado, etc. non se conservan. Da prensa afín ós movementos da masonería, librepensamento, republicanismo e anarquismo que fomentan estas escolas tamén conservamos poucos exemplares. Contribúe a este negativo panorama o feito de que ata 1902 a lexislación sobre escolas privadas non esixía solicitar permisos para establecelas, de modo que non queda rexistro oficial que nos resultaría de grande utilidade.

Con todos estes impedimentos como punto de partida xa se anuncian as carencias que temos sobre o laicismo en xeral o os seus inicios en particular. En máis dun caso sabemos que existiu unha escola cualificada como laica; noutros sabemos cando se iniciou pero non somos quen de coñece-la súa evolución nin finalización, nin as razóns do cese das súas actividades; en moi poucos casos témo-la fortuna de podernos facer unha idea global da significación da escola no contexto xeral da cidade na que funcionaba.

Antes de inicia-la análise destes comezos escolares do laicismo galego, convén aclarar que se entende por escola laica. Podemos definir este tipo de escola como aquela ensinanza dos nenos na que se exclúe toda doutrina relixiosa. Entre as materias a ensinar figura, como substituta da Doutrina Católica, Moral e Urbanidade. Defenden a plena liberdade de conciencia e de pensamento, polo que se vinculan moi estreitamente a movementos anticlericais e librepensadores. Dentro destas escolas pódense establecer graos, atendendo preferentemente á actitude que tomen os seus directivos e profesores con respecto ó anticlericalismo. A definición que deste tipo de escolas recollía un periódico de 1891 resulta clarificadora:

Decir laico quiere decir independiente de la religión; por lo tanto decir escuelas laicas será lo mismo que decir escuelas que no tienen nada que ver con la religión. Son, pues, laicos aquellos establecimientos en donde no se enseña religión alguna positiva.

¿Las escuelas laicas suponen adelanto (...) o estancamiento o reacción? Las escuelas laicas, como toda manifestación libre del humano espíritu sancionada por la razón, suponen adelanto. (...). No son las citadas escuelas, como muchos creen, contrarias a la religión, sino independientes de la misma, lo cual es muy distinto. (...). No debemos escandalizarnos porque exista una escuela laica; que una escuela laica es sólo una escuela donde se enseña gramática, geografía, historia, aritmética, urbanidad, etc.; aunque no el catecismo de la doctrina católica; que una escuela laica es sólo el templo de la verdad según la razón, no según lo revelado, y en donde se enseña a respetar y a amar a nuestro prójimo¹.

¹Salvador MAS QUESADA. "Escuelas laicas", *El Clamor Sebatanse*, reproducido en *El Obrero* (Pontevedra), 8-2-1891.

Aínda que moitas veces aparece como sinónimo de laica a escola neutra, nesta ensínase relixión a aqueles nenos que os seus pais o soliciten, pero sen obriga de recibila todos e excluindo ós que voluntariamente o soliciten. Diferentes tamén son as escolas cualificadas de racionalistas, vinculadas á figura e ó pensamento de Ferrer Guardia, estreitamente relacionadas co anarquismo e revolucionarias na súa concepción, por canto atentaban contra o sistema establecido e preconizaban cambios radicais na sociedade.

Os inicios do laicismo escolar galego están en Ferrol e Coruña. Trátase de dúas cidades nas que os elementos republicanos, librepensadores e masóns marcaron, coa súa actividade, a vida pública e, como non podía ser doutro modo, figuran como responsables directos destas interesantes experiencias. Os tempos da Restauración non eran propicios para o laicismo; por iso cobra maior grandeza o empeño dun fato de persoas que arriscaron moito pola defensa da liberdade de conciencia e de cátedra.

Con este breve artigo só pretendemos amplia-lo coñecemento sobre os inicios deste movemento escolar que con tanta dificultade conseguiu abrirse paso nunhas condicións absolutamente adversas. Os novos datos barallados proceden basicamente da prensa periódica da Coruña e Ferrol, así como algunha aportación novidosa procedente de arquivos. O obxectivo non vai máis aló de intentar aclarar algunha confusión publicada referida, sobre todo, ó inicio das primeiras escolas laicas -e unicamente as cualificadas como tales- na provincia da Coruña.

Tódolos autores que se teñen ocupado deste tema do laicismo escolar en Galicia coinciden en sinalar como primeira experiencia a que tivo lugar en Ferrol en 1888. Nesta cidade iniciaba a súa andaina a pioneira das escolas laicas galegas o 1 de febreiro dese ano nun local da rúa San Uxío nº46. Coñecemos-la súa existencia gracias á comunicación que Lino Yrigoyen e Gabriel Rodríguez, presidente e secretario da *Sociedad protectora Martín Lutero*, fan ó alcalde ferrolán o 6 de marzo dese ano, cando xa a entidade levaba un mes funcionando². Pero as noticias sobre esta escola rematan aquí. Nin na prensa nin na documentación conservada volvemos a ter referencias. Os decretos de xullo de 1874 e xuño de 1876 daban enteira liberdade ós fundadores de escolas privadas, tanto as que se sostían con fondos particulares como procedentes de fundacións, esixíndolles unicamente o cumprimento das normas de hixiene e de moral establecidos pola lexislación do momento, de modo que non queda constancia dos documentos de autorización e apertura que se esixirán máis adiante.

Unha serie de preguntas xorden inmediatamente tralo coñecemento do dato anterior: ¿Como se explica a existencia dunha escola laica en Ferrol en 1888? ¿En que contexto nace? ¿Quen son os seus fundadores? Responder a estes interrogantes en profundidade sobrepasa os límites deste breve artigo, pero para facernos unha mínima composición de lugar que nos permita contextualiza-lo nacemento

² AMF. C-722, 5.

desta escola, debemos ter en conta datos como os seguintes, todos eles directamente relacionados coas experiencias laicistas en educación:

- En Ferrol existe, polo menos dende agosto de 1870 en que presentan os seus estatutos³ e ata xaneiro de 1887⁴, a *Asociación Filial de Libres Pensadores* que ten como obxectivos primordiais loitar contra o fanatismo relixioso, fomenta-la autonomía da conciencia, defende-la moral independente de calquera sistema teolóxico e potencia-la fraternidade universal. Os medios para conseguir estes obxectivos eran, fundamentalmente, a prensa, as reunións públicas e as academias.

- Polo menos dende xaneiro de 1887 existe o *Grupo Libre-pensador Martín Lutero*, do que sabemos que mantén unha vida orgánica regular polo menos durante ese ano e o seguinte⁵. Preside este grupo o masón Pedro Maristany.

- O gobernador civil aprobou o 7 de decembro de 1887 os estatutos da *Sociedad protectora Martín Lutero*, presidida tamén por Pedro Maristany. Non sabemos con exactitude a relación entre as dúas sociedades, pero debeu ser estreita a vulgar tanto pola denominación, como polos obxectivos e as persoas que a dirixen. Foi precisamente esta sociedade a que funda a escola laica en febreiro de 1888, cumprindo así a súa finalidade básica: a instrucción e educación libre de todo prexuízo relixioso⁶, ademais do mutuo auxilio entre os asociados.

Tal e como podemos comprender polos datos anteriores, o clima era propicio para a apertura dunha escola na que se materializasen os obxectivos educativos compartidos e defendidos polos librepensadores, así como pola maioría dos masóns, republicanos e socialistas: a educación en liberdade, fóra das trabas impostas por calquera tipo de dogma relixioso e do clericalismo. Tamén cómpre lembrar que Ferrol foi un dos centros máis activos da masonería galega, coa fundación de varias loxias e un elevado número de adeptos; que o republicanismo tivo nesta cidade destacada presenza nos persoeiros, na prensa e na temperá representación no Concello; que de Ferrol foi alcalde Francisco Suárez García, masón e activo republicano durante a revolución de 1868 e nos anos posteriores; que un dos fundadores da Agrupación Socialista, Francisco Fernández García, foi o primeiro concelleiro desta tendencia en Galicia, tras alcanzar un rotundo éxito nas eleccións de 1895,

³ AMF. C-722, 11.

⁴ Con data de 17-1-1887 solicitan Gabriel Maristany, Manuel Andrade, Lino Yrigoyen e Ramón Ocampo, no nome da Liga universal de librepensadores, permiso da Alcaldía para a celebración dunha conferencia no Teatro Romea para que varios oradores defendan a idea do librepensamento. AMF. C-722, 5.

⁵ AMF. C-722, 5. Aínda que pola escaseza de noticias non poidamos aseguralo con certeza, é moi probable que esta sociedade sexa unha continuación da inicialmente constituída en 1870.

⁶ *CAPÍTULO 1º. De la Asociación y su objeto*

Art.1º. Queda constituida desde esta fecha en Ferrol una Asociación de carácter benéfico que tendrá por objeto exclusivo la instrucción y la educación de los asociados y de sus familias, así como el mutuo auxilio por los siguientes medios.

Art.2º. Creación y sostenimiento de una o más escuelas para educar e instruir los socios y sus allegados dándoles una educación sólida y científica, libre de todo perjuicio inspirado en espíritu de secta religiosa.

SOCIEDAD PROTECTORA MARTÍN LÜTERO. Estatutos. 7-12-1887. (AMF. C-722, 5).

un feito con moi escasos paralelismos na España da época. Tamén na vida cotiá da cidade é posible detectar este clima de librepensamento e anticlericalismo a través de datos como os enterros laicos reclamados polos asociados, e ós que a autoridade, ou mesmo os seus propios familiares, non eran moi proclives a autorizar. Neste sentido, consérvase un interesante expediente onde podemos constatar, con data de 23 de febreiro de 1888, como un membro do *Grupo Libre-pensador Martín Lutero* era enterrado civilmente *sin intervención de secta alguna religiosa*, tal como recollía a esquila⁷.

A escola da sociedade protectora e librepensadora ferrolá sostíñase cos fondos procedentes dos donativos dos protectores e das cotas que, entre catro e doce reais, fixaba a xunta directiva ós alumnos. Especificaban claramente os estatutos que nunca se debían desviar fondos da escola á beneficencia. O novo mestre, Antonio Gaso⁸, procedía de Cataluña, rexión española onde este tipo de ensino estaba, xa por esas datas, bastante estendido. Sabemos que o novo mestre foi presentado nun acto público celebrado no Teatro Romea o 19 de xaneiro de 1888, poucos días antes de que iniciase a súa actividade a escola⁹. Non coñecemos máis datos sobre esta primeira experiencia do laicismo escolar de Galicia que, ademais de servir ós fins concretos da sociedade fundadora, paliaba a falta de postos escolares na cidade¹⁰.

Con pouca diferenza de datas, pero esta vez na cidade da Coruña, foi inaugurada a segunda escola laica de Galicia. Nesta ocasión foi tamén unha sociedade benéfica a súa fundadora. A inauguración desta escola, dependente da *Asociación benéfica Miguel Servet*, tiña lugar o 13 de xuño de 1889. Trátase dun caso moi similar ó de Ferrol, pois resulta tamén ser unha asociación de librepensadores vinculados coa masonería e o republicanismo. Os máis destacados personaxes do momento na Coruña defensores destas liñas de pensamento e conducta estiveron relacionados con esta escola.

Pero, como no caso de Ferrol, interesa coñece-lo contexto no que nace esta experiencia docente. Seguramente o antecedente máis claro da intención de crear unha escola laica na Coruña estea na fundación do *Centro Democrático*, organización auspiciada polos demócratas progresistas co obxectivo de contribuír á divulgación dos ideais democráticos, ademais de servir de medio de unión entre os republicanos das diferentes faccións. Entre os seus obxectivos concretos figuraban no seu regulamento, aprobado o 4 de abril de 1882, o fomento e a educación das clases populares *procurando*

⁷ Expediente formado para autoriza-la inhumación no cemiterio de disidentes do cadáver do operario do Arsenal Antonio Pazos Fernández. (AMF. C-477). Este tipo de enterros podíanse converter en auténticas manifestacións públicas dos partidarios do librepensamento e do anticlericalismo tal como ocorrería, pouco tempo máis tarde, no enterro de Federico Tapia na Coruña en 1891.

⁸ G. Brey, 1986, p.197.

⁹ *El Correo Gallego*, 20-1-1888.

¹⁰ As 10 escolas públicas de Ferrol en 1887 non eran suficientes para atende-la poboación escolar, segundo se desprende da Memoria Estatística elaborada pola Universidade de Santiago.

*el establecimiento de escuelas de enseñanza laica*¹¹. No listado de socios fundadores figuran destacados personaxes do pensamento, os negocios e a política coruñesa vinculados co republicanismo, o librepensamento e a masonería. Outro momento que podemos considerar como antecedente da idea de fundar escolas laicas está no acto que os librepensadores celebran no *Circo María Pita* en agosto de 1886. Neste mitin destacou a intervención do máximo referente do librepensamento e anticlericalismo coruñés: Segundo Moreno Barcia. El foi quen, no medio dunha longa disertación, varias veces interrompida polos aplausos, *alentó a los jóvenes para que no desmayasen sin llevar a feliz término el establecimiento de escuelas laicas, y que invitasen a las damas coruñesas, a fin de que se encargaran de la educación de la mujer, en el campo libre-pensador*¹². Así pois, na Coruña existía tamén un clima propicio para a creación deste tipo de escolas, xunto cun grupo de persoas concretas dispostas a poñelas en práctica.

Os primeiros datos directamente relacionadas coa fundación dunha escola laica datan de finais de 1888, posiblemente estimulados pola inauguración da escola ferrolá, e refírense ó proxecto de establecer na cidade unha escola na que se practique o sistema Fröbel¹³. Neste contexto, aparece no diario republicano coruñés *El Telegrama* (27-4-1889) un artigo no que se fai unha chamada para constituír unha sociedade do tipo da *Institución Libre de Enseñanza* na que, xunto ás clases diarias teórico-prácticas, se impartisen conferencias e que o local servise ó mesmo tempo para instrucción e recreo dos socios. Aínda que non contamos con tódolos datos para poder afirmalo con rotundidade, cremos, sen embargo, que a chamada tivo éxito e que a proposta foi recollida e posta en práctica por unha sociedade que nace por eses días e que será a fundadora da escola laica: a sociedade librepensadora e benéfica *Miguel Servet*.

A noticia da inauguración desta novidosa experiencia na cidade fixo que se congregase un numeroso público que abarrotaba o amplo local da escola, na rúa Juana de Vega nº19, e no que destacaba a presenza das mulleres. O acto, celebrado no serán do xoves 13 de xuño, revestiu solemnidade e nel pronunciaron discursos o librepensador Cañizo, que xa interviria no mitin do *Circo María Pita*, e os dous presidentes honorarios da sociedade *Miguel Servet*: José Rodríguez Martínez (o popular *médico Rodríguez*) e Segundo Moreno Barcia, orador central do acto. Da súa intervención destacámo-lo seguinte parágrafo, no que sintetiza o ideal da escola laica:

Esta Escuela Laica es sencillamente un templo levantado a la virtud. Aquí se practicará santa y tranquila tolerancia, y no hemos de atacar a ninguna religión, porque a todas respetamos.

¹¹ AMC. AC. C-2487, 37.

¹² *La Voz de Galicia*, 24-8-1886.

¹³ O pedagogo alemán Friedrich Fröbel tivo unha fonda influencia neste tipo de escolas que seguen moi de preto as súas liñas educativas, especialmente as relacionadas coa educación como desenvolvemento progresivo dende os graos inferiores, a potenciación da educación experimental ó servizo dunha concepción dinámica do espírito, e o desenvolvemento harmónico das facultades e aptitudes naturais dos escolares.

Nosotros queremos que nuestros niños estudien los fenómenos de la naturaleza; que sepan que el trueno y el relámpago, no son, como a nuestros abuelos se decía, la voz tonante de Dios que desafía a los mortales, ni la flamígera espada con que el supremo Ser castiga a los malvados, sino que, por el contrario, hoy, merced a las sacrosantas enseñanzas de la ciencia, el agente que produce aquellos fenómenos es siervo y esclavo del hombre, y si hubiésemos de creer las añejas doctrinas, diríamos que la obra de Dios, el ser racional, había “desarmado” a su señor¹⁴.

A escola comezaba con trinta alumnos matriculados, un número nada desprezable. Sen embargo, deberon xurdir problemas provocados polos controladores do ensino tradicional e confesional atacando á nova escola de atea e querendo confundir ó público sobre os seus auténticos obxectivos. Debe ser esta a explicación dunha comunicación aparecida na prensa republicana coruñesa na que se di:

Muchos entienden que la Escuela Laica se propone enseñar sin el conocimiento de Dios; y esto no es exacto. El ateísmo no tiene entrada en las Escuelas Laicas. Al conocimiento de Dios como Ser Supremo, como Bondad, Justicia y Amor infinitos, seguirá la enseñanza de la Moral más pura a fin de que el niño, hecho hombre, resulte honrado, probo, digno, en una palabra, virtuoso. Al mismo tiempo se administrará al niño una enseñanza positiva en un grupo de conocimientos, que le pongan, allá cuando haya de procurar de propia industria la subsistencia en condiciones de obtenerla con decencia, con honor y con provecho¹⁵.

Para cubri-la praza do profesor encargado de imparti-las ensinanzas da escola no curso escolar que ía comezar, a dirección da *Miguel Servet* inserta un anuncio na prensa para que se presenten candidatos para ocupa-la praza. Os requisitos esixidos limítanse a unha instancia solicitando o posto e na que se faga constar que se posúe o título de mestre, acompañada da certificación de conducta moral expedida polo alcalde do seu domicilio, e unha folla na que consten os méritos e servicios. O seleccionado cobraría, inicialmente, 1.500 pesetas anuais pagadas a mes vencido, cantidade que podía aumentar en función do éxito da escola. O mestre que se faga cargo da escola debe atender a un programa de materias *enseñadas de la manera racional que conviene al desarrollo intelectual de los niños: Conocimiento de Dios y de la Moral universal, Lectura, Escritura, Aritmética, Gramática, Geometría aplicada a Artes y Oficios y Conocimientos más generales de Industria y Comercio¹⁶.*

O seleccionado para ocupa-la praza da escola laica foi Ventura León Enciso, que se traslada dende a cidade na que reside, Cuenca, e o seu nome é o único que nos consta como mestre da escola durante os anos que funcionou, é dicir, ata 1892. Polas convocatorias ós actos organizados na escola laica, sabemos que esta cambiou de lugar, polo menos en dúas ocasións, tendo as súas instalacións

¹⁴ *El Telegrama*, 14-6-1889.

¹⁵ *El Telegrama*, 26-10-1889.

¹⁶ *El Telegrama*, 26-10-1889. *Boletín de la Gran Logia Regional Galaica*, 1-11-1889.

inicialmente na rúa Juana de Vega para pasar logo á do Orzán 88. Por noticias indirectas, sabemos que a escola laica tiña os seus propios emblemas¹⁷.

Para poder contar con maiores recursos que os proporcionados polas loxias masónicas e os patrocinadores da *Miguel Servet*, con data de 9 de marzo de 1890, Segundo Moreno Barcia, en nome dun elevado número de veciños, dirixiuse ó alcalde para solicitar unha subvención anual para a escola laica. Apelaba Moreno Barcia á traxectoria do Concello en materia de apoio ó ensino e argumentaba sobre a bondade da nova escola, que permitiría adquirir a nenos pobres *el conocimiento por modo inductivo inspirado en la ciencia y en la experimentación, y una educación esmerada basada en la moral más pura*. A concesión da subvención permitiría, ademais, *agregar -mediante el sistema Fröebel- al estudio de las materias que comprende la 1ª enseñanza hasta muy entrada la 2ª, los paseos instructivos para sorprender la Naturaleza en gran parte de su vida oculta; los más nobles estímulos del corazón por las Cajas de la infancia y la mejor gimnástica-higiénica procurando por iniciar a los niños en el conocimiento de un oficio útil, sin olvidarse de la beneficencia que se haría tanto más completa cuanto más abundasen los recursos*. Sen embargo, a resposta foi negativa argumentando o Concello, con gran habilidade, que se concedese a subvención, a escola pasaría a ser pública e, polo tanto, *dejaría de ser esa escuela lo que es; perdería su carácter de institución libre de enseñanza*¹⁸; que como centro particular e privado que é, debe corre-los riscos das da súa clase e que non lle consta ó Concello coruñés que ningunha outra escola desta clase en España reciba tal tipo de subvención. Teremos que agardar para que, xa cunha Corporación formada por maioría de republicanos, se concedida subvención á escola laica coruñesa continuadora, no tempo, desta da sociedade *Miguel Servet*.

Se temos en conta a información proporcionada pola prensa do momento, a escola comezou a impartir docencia o 14 de xuño e 1889 a 30 rapaces. Sen embargo, non será ata febreiro de 1890, coa incorporación do mestre gañador do concurso de méritos Ventura León, cando comece a funcionar con mestre titulado e poñendo en práctica os métodos propios dunha escola deste tipo, polo que podemos pensar que durante o tempo que media entre estas dúas datas sufriu un proceso de reorganización. O domingo 19 de xullo do ano seguinte os alumnos da escola laica protagonizaban un acontecemento destacado tanto pola prensa obreira como republicana e liberal: o éxito nos exames públicos a que se someteron, en presenza da Xunta Técnica, dos representantes da prensa e do público en xeral. Os alumnos deron mostra de ter alcanzado os máis elevados niveis en tódalas materias nas que foron obxecto de exame, sendo unánimes as crónicas en sinalar ó profesor Ventura León como máximo artífice deste éxito colectivo da escola laica. Así concluía a relación dos actos o periódico obreiro: *En resumen: los padres que tienen sus hijos en la Escuela Laica pueden estar satisfechos de su obra*.

¹⁷ Comentando a participación da escola laica na inauguración do descubrimento da estatua de Eusebio da Guarda, o redactor de *El Corsario* (5-7-1891) indica: *La Escuela Laica con su estandarte, que según el colega [El Diario de Galicia] alardeaba sus insignias masónicas*.

¹⁸ AMC. C-2445.

*Trabajadores: si queréis que vuestros hijos sean útiles a la sociedad, mandadlos a junto D. Ventura León. Que dotado de ese tacto poco común, y adornado de un corazón entrañable, él hará a vuestros hijos fuertes, inexpugnables, donde no penetre en su ser el error disfrazado de hipocresía. Sólo la enseñanza laica es la que puede dar magníficos resultados, como los que obtendrán los niños de dicha escuela, a quienes felicitamos, tanto a sus padres como al digno maestro que la representa*¹⁹. O domingo seguinte tivo lugar a entrega de premios ós 45 alumnos máis destacados nas diferentes materias; o número de premiados indica ás claras o aumento de matrícula desde os 30 da matrícula inicial. Nesta ocasión, Moreno Barcia, que presidía o acto, non desaproveitou a ocasión de insistir, unha vez máis, no carácter laico e non ateo da escola, ó tempo que agradecía o envío de 56 libros da súa biblioteca que o periodista republicano José Nakens facía á escola para repartir entre o alumnado. Foi unha magnífica festa escolar na que foron repartidos os premios consistentes en diplomas, caixas con material de debuxo, atlas xeográficos e libros de ciencias e literatura.

Neste contexto de euforia polos éxitos alcanzados, o voceiro obreiro *El Corsario* (26-7-1891) animaba á dirección da institución a iniciar unha escola para nenas, para que tamén estas se puidesen beneficiar das vantaxes dos métodos da escola laica, *pues si en las demás escuelas saben leer a los dos años, en la Escuela Laica saben a los ocho meses*. Sen embargo, a petición non foi atendida.

Sen embargo, si atendeu a asociación benéfica e librepensadora *Miguel Servet* a outro campo no que tamén se reclamaba máis atención: a dos adultos. En setembro de 1891 a dirección da institución envía á prensa unha circular na que dá conta do acordo adoptado pola mesma de iniciar, a partires do 1 de outubro, un curso para adultos en réxime nocturno nos locais da escola laica, na rúa Orzán 88 baixo. As clases, en horario de sete a nove do serán, rematarían, como era habitual neste tipo de cursos, o 31 de marzo. As materias a impartir fan fincapé no ensino básico -lectura, escritura, aritmética e xeometría- coñecementos instrumentais básicos para a clase obreira, a quen se destinaba basicamente este servicio. Segundo se especifica na circular, o profesor encargado de impartir-las clases era o mesmo que o da escola diurna, é dicir, Ventura León, quen o facía de modo voluntario e de forma gratuíta²⁰.

En xullo de 1892 volveron a celebrarse os exames na escola laica, pero esta vez tal vez con menos brillantez, ou polo menos con menos repercusión na prensa. Tampouco foron entregados os premios a continuación dos exames, senón que este acto quedou aprazado ata o 1 de xaneiro de 1893, situación que nos fai pensar na crise que explica a falta de noticias da escola a partir de 1893.

Na escola laica coruñesa tiñan lugar dous tipos de actividades regulares: as clases -tanto de escolares como de adultos- e as conferencias dominicais. Esta actividade témola bastante ben

¹⁹ *El Corsario*,26-7-1891.

²⁰ Ventura León Enciso foi membro da loxia masónica coruñesa *Progreso n°39*, auspiciadora do periódico *La República* e unha das institucións que sufragaba os gastos da escola laica. O estudioso da masonería en Galicia, A. Valín, proporciona unha serie de datos sobre este profesor que contrastan fortemente coa súa actitude como mestre na escola laica. Sobre as irregularidades cometidas por Ventura León Enciso, tanto na escola laica -pagando tan só 1.125 pesetas a un substituto en lugar das 1.500 que el cobraba como titular- como en relación coa impresión de *La República*, e que lle custaron a súa expulsión da masonería en abril de 1891, A. VALÍN FERNÁNDEZ. 1990. pp.111-113.

documentada a través das convocatorias insertas na prensa, aínda que debamos supoñer que se celebraron máis das publicadas, por canto a convocatoria facíase no mesmo local de domingo a domingo. Dende marzo de 1890 -data da reorganización da escola coa incorporación de Ventura León- ata xaneiro de 1893 -en que cesan por completo as referencias tanto á escola como a sociedade *Miguel Servet*- contabilizamos un total de 36 conferencias, destacando, tanto polo número das impartidas como polo impacto no público asistente, as pronunciadas por Segundo Moreno Barcia, indiscutible alma do librepensamento coruñés. Estas iniciábanse no primeiro domingo de xaneiro e remataban a finais de maio, para reiniciarse ó ano seguinte. A regularidade foi a tónica máis destacada das celebradas durante 1890, non quedando ningún domingo sen a correspondente conferencia. Foi tamén o ano en que interviron maior número de conferenciantes, todos eles vinculados ós sectores progresistas da cidade: Moreno Barcia, o médico José Rodríguez, o concelleiro republicano José Martínez Fontenla, o periodista Juan Fernández Latorre e o profesor Ventura León. No ano seguinte de 1891, na escola laica tiveron lugar tamén un bo número de conferencias dominicais, a maioría impartidas por Moreno Barcia, intercalando algunha de José Rodríguez e de Martínez Fontenla. As actividades deste tipo en 1892 parecen indicarnos tal vez esa crise que acabará coa propia sociedade e coa escola laica, pois as conferencias, máis irregulares xa dende xaneiro, deixan de celebrarse a partir de marzo, ademais de seren impartidas unicamente polos dous presidentes honorarios da sociedade *Miguel Servet*, é dicir, por Moreno Barcia e o médico José Rodríguez Martínez. Tanto polo tipo de temas tratados como polo numeroso público asistente -800 persoas, por exemplo, na impartida polo médico Rodríguez do 17 de xaneiro de 1892-, estas conferencias case poden ser catalogadas de auténticos mitins a favor do librepensamento. Os temas a desenvolver eran variados, predominando os relacionados coa educación social, o papel do traballo na sociedade, temas de economía e historia, e aspectos relacionados directamente co laicismo.

As noticias relacionadas coa escola laica na prensa local -especialmente en *El Telegrama*, *El Corsario* e *La Voz de Galicia*- son abundantes e non só dan conta dos actos puntuais, como conferencias ou prazos de matrícula ou exames, senón que tamén se fan eco de curiosidades que non deixan de ter interese. Así, por exemplo, un testamento de 1890 dun veciño de Ribadavia no que especifica que se as súas irmás, como herdeiras, autorizasen o máis mínimo acto relixioso á súa morte, a súa herdanza pasaría á sociedade librepensadora *Miguel Servet* para beneficio da escola laica²¹. A relación dos directivos e socios da *Miguel Servet* co republicanismo era máis que evidente e nunca foi silenciada, senón todo o contrario, pois tamén estaba no programa da maioría das faccións republicanas o desexo de poder contar con este tipo de escolas. Republicano tamén debía ser maioritariamente o público asistente ás conferencias que se celebraban no local da escola laica, pois nalgunha ocasión, como cando se celebrou un gran mitin republicano en febreiro de 1892, foi suspendida a conferencia programada de Moreno Barcia para que a maioría do grupo *Miguel Servet*,

²¹ *La Voz de Galicia*, 28-3-1890.

afiliados al gran partido republicano, non se vise na disxuntiva de ter que elixir entre a conferencia e o mitin.

A oposición ó laicismo que representaba a escola resultaba evidente en multitude de accións, máis ou menos declaradas, tanto do clero como das autoridades académicas. Un exemplo témolo na acusación de que foran alumnos da escola laica os autores dun roubo nunha xastrería coruñesa -como non podía ser doutra forma pola educación que recibían- aínda que logo puido demostrarse que non eran alumnos da escola, senón do Asilo de Mendicidade; pero a acusación encaixaba perfectamente no discurso antilaicista que relacionaba ensino laico con criminalidade. Outra mostra evidente do enfrontamento das autoridades educativas coa escola e o que ela representaba foi o boicot manifestado coa súa ausencia nos exames públicos que a escola celebraba en xullo de 1892, a pesar de estaren invitados²².

Sen que saibamos dar unha explicación, a partir de xaneiro de 1893 deixan de aparecer na prensa local, que con tanta regularidade daba conta dos actos a celebrar na escola, as noticias sobre actividades relacionadas con ela e coa institución que a sustentaba, a sociedade *Miguel Servet*. Nada facía sospeitar unha interrupción brusca no funcionamento da escola, e incluso publícase o anuncio de que o domingo 1 de xaneiro de 1893 se entregarían os premios ós alumnos que obtiveran bos resultados nos exames de xullo e que Moreno Barcia inauguraría *la serie de conferencias de invierno, conforme se viene practicando de años atrás*²³. O único indicio de que puideran existir problemas é o feito mesmo do atraso na concesión dos premios escolares, situación que non se dera o curso anterior, cando foron entregados a continuación dos exames. Podemos facernos varias preguntas para tentar de explicar esta brusca interrupción, pero, polo de agora, non temos respostas axeitadas.

A terceira referencia clara da existencia dunha escola laica volvemos a atopala na Coruña²⁴. Será a escola que manteña *La Antorcha Galaica del Libre Pensamiento. Sociedad de actos civiles*, institución que iniciaba a súa andaina en xaneiro de 1897 e que pervivirá, coas interrupcións derivadas das incidencias da vida política, ata xullo de 1936, resultando unha das sociedades máis activas na vida política e sindical da cidade. Aínda que sen establecer unha relación directa coa anterior organización librepensadora coruñesa, resulta evidente que os seus fundadores recolleron o seu espírito e continuaron con actividades como a escola laica²⁵ e as conferencias, moitas delas impartidas

²² N. de GABRIEL. *Leer, escribir y contar*. Sada, Edicións de Castro, 1990, p.346.

²³ *El Telegrama*, 29-12-1892.

²⁴ Debido á ausencia de referencias, non consignamos aquí unha posible escola laica e unicamente tomamos nota das palabras de A. Valín cando indica: *El tercer ejemplo no lo tenemos excesivamente constatado. Se va a situar en la ciudad de Ferrol y, según parece, va a ser una sencilla escuela (...) ubicada en el inmueble que, al parecer, poseía en la ciudad departamental la logia Francisco Arouet de Voltaire nº118. El título de este precario instituto docente fue el de Centro Masónico de Instrucción y Recreo* (A.VALÍN. 1990. p.521).

²⁵ A preocupación polo ensino laico figura no primeiro artigo dos seus estatutos: *Procurará desarrollar la enseñanza laica creando centros de instrucción que tengan aquel carácter, ayudando a sostener las que haya existentes, observando para todo esto los medios que la ley concede, y procurando influir cerca de los funcionarios del Estado para que modifiquen las leyes de Instrucción primaria en el sentido de obligar a que todas las escuelas oficiales, prescindan de todo carácter religioso, así como la defensa de las personas y de los intereses de los librepensadores.*

polos presidentes honorarios da *Miguel Servet*. Non coñecemos-la data exacta do inicio da escola laica de *La Antorcha*, pero cremos que debeu ser coetánea da fundación da institución e que debeu ter lugar en 1897²⁶.

A sede da nova escola estaba no mesmo local que ocupaba a sociedade patrocinadora, na rúa Socorro 37. Ó longo de 1898 reanudáronse as conferencias dominicais, aínda que non coa regularidade do período anterior. Son escasos os datos que puidemos localizar sobre esta escola en canto ó número de alumnos (120 en 1900; 160 en 1901) ou profesores, aínda que funcionaba con regularidade. Con motivo das noticias dos tristes sucesos de maio de 1901²⁷ sabemos que un dos detidos e condenados, Juan José Cebrián, foino principalmente por ser profesor da escola laica. Por concurso de méritos foi seleccionado en maio de 1900 Carlos Pol e, polo mesmo criterio, entrou como auxiliar en agosto de 1902 Juan Matió Monasterio, que permanecerá varios anos na escola. Continuando o traballo da escola da *Miguel Servet*, tamén a da *Antorcha* impartiu clases nocturnas para adultos²⁸.

Cando se analizan as noticias referidas a esta escola resulta fácil establecer paralelismos con algúns dos problemas que xa intentara resolver-la anterior escola coruñesa. Así, por exemplo, o tema de abrir unha escola laica para nenas. En marzo de 1903 abriuse unha suscripción de accións a favor desta idea²⁹, pero a cuestión non acaba de callar; en maio de 1908 retómase o tema, e de novo fracasa. Tampouco conseguiu a escola laica da *Antorcha* subvención do Concello, aínda que este aprobara por unanimidade a proposición do concelleiro Ángel Senra dunha subvención de 500 pesetas en 1901, pero o gobernador civil anulou o acordo³⁰. De modo esporádico, e cando as condicións dos asociados o permitía, algunhas sociedades de resistencia e o Casino Republicano acordaron enviar axudas económicas para o sostén da escola laica.

1906 marca unha importante inflexión na historia da escola laica da *Antorcha* porque en setembro dese ano entra a formar parte do profesorado o destacado propagandista ácrata aragonés Constancio Romeo³¹. Este fogoso orador, *constructor de frases, de sentencias e de definicións*

²⁶ Revelador resulta este comentario do periódico obreiro, indicando que a anterior xa non existía e que compría organizar outra: *Proyéctase en esta localidad la creación de una escuela laica. Vergonzoso es que la que había se dejase morir, y más vergonzoso es aún que desde entonces no se hubiera creado otra (El Corsario, 23-3-1896).*

²⁷ A. CAPELÁN. "A cen anos da folga xeral de maio na Coruña", *A Nosa Terra*, 7 a 13-2-2002, pp.10-15.

²⁸ Non sabemos se este tipo de ensinanzas tivo unha vida regular, pois non logramos localizar máis que dúas convocatorias, a de novembro de 1901 e do mesmo mes de 1902. Algunhas sociedades de oficios aportaban axudas económicas para estas clases. En abril de 1901 cursaban estudos 68 alumnos (*La Voz de Galicia*, 2-4-1901).

²⁹ Varios accionistas da *Cooperativa Obrera*, simpatizantes coa idea deixaran as súas accións a favor da *Antorcha* (*La Voz de Galicia*,15-3-1903).

³⁰ AMC. C-2446; C-129, fol.374. C-130, fol.39; fol.103.

³¹ *Ayer tomó posesión del cargo de director de la Escuela Laica que, bajo la protección de la Antorcha Galaica está establecida en esta ciudad, el ilustrado maestro titular y periodista radical Constancio Romero (El Noroeste, 4-9-1906).*

segundo un cronista local, chegara á Coruña para participar no mitin do Primeiro de Maio de 1906 e, dende entón, permanecerá na cidade, vinculándose á súa vida de modo activo, participando en tódolos actos vinculados coa defensa do laicismo e loitando coa forza da palabra contra o clericalismo. C. Romeo personalizaba á escola laica, foi a súa figura máis destacada e coa súa obra contribuíu poderosamente ó afianzamento da institución.

Foi precisamente en 1906 cando, ante o inicio do novo curso, a dirección da *Antorcha* decide legaliza-la escola e cumpri-los requisitos legais esixidos polos decretos de 1902. Esta é a razón pola que coñecémo-lo plano e o regulamento da escola laica, así como datos referentes ó número e idade dos alumnos (case 200 en 1905; 149 en 1907 comprendidos entre 5 e 14 anos), o cadro horario e as materias que se impartían, así como o material de que estaba dotado a escola³². Foi tamén neste ano cando se fixeron algunhas obras de mellora no local, gastos que en parte foron sufragados polas sociedades obreiras de resistencia.

A limitación de espazo obriga a rematar neste punto a breve historia do laicismo escolar galego nos seus inicios³³. A escola coruñesa continuará coa súa vida, marcada polas clausuras decretadas polas autoridades cando a suspensión de garantías³⁴, e a ela iranse sumando algunhas escolas laicas máis nos anos seguintes, aínda que sempre en número reducido.

BIBLIOGRAFÍA

- BREY, G. 1986. "L'enseignement populaire non officiel en Galice urbaine jusqu'en 1911" en *L'enseignement primaire en Espagne et en Amérique Latine du XVIIIe siècle à nos jours. Politiques éducatives et réalités scolaires*. Tours, Université de Tours, pp.195-210.
- COSTA RICO, A. 1980. "O laicismo escolar en Galicia (1892-1931)", *Man Común*, nº3, pp.26-31.
- 1981. "El laicismo escolar en Galicia", *Cuadernos de Pedagogía*, nº73, 1981, pp.69-72.
- 1989. *Escolas e Mestres. A educación en Galicia: da Restauración á Segunda República*. Santiago, Xunta de Galicia.

³² AHUS. Leg. 461.

³³ En setembro de 1906 solicita do Rectorado Manuel Morado, en nome do Centro de Sociedades Obreiras de Ferrol, a legalización dunha escola que xa viña funcionando na praza das Angustias nº4. Debe ser esta á que se refire no seu informe de 26-9-1909 o inspector Julián Rincón aclarando que a única escola laica da provincia é a da Coruña e que a de Ferrol non é laica, senón neutra xa que *los maestros enseñan a los niños la Doctrina Cristiana y la Religión, cuyos padres desean estas enseñanzas, absteniéndose de enseñarlas a los demás que no lo solicitan*. Segundo figura no seu cadro horario, entre as materias impartidas figura *Doctrina e Historia Sagrada*. (AHUS. Leg.461).

Tampouco figura expresamente como laica a escola de Eduardo Corral Castro, un dos iniciadores en 1902 da sociedade de estudos civís *Germinal* e concelleiro republicano en varias lexislaturas, que en setembro de 1906 solicita a legalización da escola que tiña na rúa Orzán 69 da Coruña. Sen embargo, o cadro de materias coincide co da escola da *Antorcha*, con *Moral e Urbanidad* en lugar de Relixión Católica, polo que, aínda que sen figurar como tal escola laica, coincidía con esta no seu programa básico (AHUS. Leg.462).

³⁴ Trala clausura das escolas laicas decretada con motivo da Semana Tráxica de 1909 e do axustizamento de Ferrer, a escola da *Antorcha* volve a presenta-la documentación para poder abri-las súas portas, aínda que baixo o nome de *Colexio laico Fröebel*.

- GABRIEL, N. 2001. "Republicanismo y educación" en *El republicanismo coruñés en la historia*. A Coruña, Concello da Coruña, pp.257-266.
- LLORCA FREIRE, G. 1999. "Masonería y librepensadores", en *Ferrol: claves de su historia*. El Ideal Gallego [coleccionable], cap.15.
- VALÍN FERNÁNDEZ, A. 1990. *Galicia y la masonería en el siglo XIX*. Sada, Ediciós do Castro.
- 2001. "Republicanismo y francmasonería en la historia contemporánea coruñesa" en *El republicanismo coruñés en la historia*. A Coruña, Concello da Coruña, pp.253-256.

Artigo publicado en *Ferrol Análisis*, nº17, 2002, pp.8-17 con lixeiras rectificaci3ns